Ruta da Ponte dos Cabalos

A ruta número cinco comeza na praza da igrexa de Lalín. Parte do quilómetro cero e baixa ao paseo Pontiñas. Remontaremos o curso do río Pontiñas ata o lago do auditorio onde hai un panel informativo.

Despois de cruzar a rolda leste, iremos de camiño en camiño subindo e pasando polo que queda da extinta parroquia da Pena. Un desvío leva ata un sepulcro antropomorfo coñecido popularmente como "a tumba celta". Xa en Lalín de Arriba iremos cara Reboredo. Camiños e congostras conducen ata o chamado Campo do Malato onde as mámoas dan testemuña dos nosos antepasados. Neste lugar atopáronse lousas con gravados megalíticos que agora son parte do peche dunha finca. Estes esteos seguramente formaron parte dunha mámoa desfeita hai anos que debeu ser de grandes proporcións.

Lousas do Campo do Malato. Fotografías de Daniel González Alén e fotogrametrías de Álex Negreira.